

## Manuela Rey, un mito por descubrir




**NACHO PÉREZ DE LOS HEROS** / Conta Antonio Reigosa que Manuel Lourenzo lamentábase de non ter sabido antes de Manuela Rey e a súa extraordinaria historia. “Que burros somos por non saber desta muller!”, laiaba o gran coñecedor da historia de teatro galego. Pero ese descoñecemento non era tanto por ignorancia propia, sostíña Reigosa, como polo feito de ter vivido moitos anos de costas a Portugal: “non fomos quen de ver na literatura portuguesa e na bibliografía do teatro que había unha personaxe que era nosa. Pero é outra vía que o mundo do teatro debe explorar”, dicíalle o investigador.

O caso é que foi o propio Reigosa –escritor, investigador e cronista oficial de Mondoñedo- quen por unha casualidade deu cunha pista sobre esta muller: “Estaba eu buscando algo nos arquivos de prensa histórica e tropecei cun periódico de Tui que tiña unha notiña do corresponsal en Lisboa que comunicaba a morte dunha actriz española, de Mondoñedo, que era moi nova. Dicía que a súa morte fora toda unha traxedia e anunciaba que nos próximos números daría datos biográficos e contaría a historia. Pero resulta que esa era o último número do xornal. Co cal, din con iso e máis nada”, lembra Reigosa. Tirando do fío desa pista, empezou cun labor de investigación para documentar a biografía desa misteriosa actriz. Quen era Manuela Rey e porque fora tan relevante a súa morte?

“Na prensa portuguesa e nas revistas de teatro posteriores, incluso ata principios do XX, hai unha constante referencia ás grandes actrices do teatro portugués e Manuela Rey aparece con frecuencia. É unha personaxe que quedou marcada, polo menos, para unha xeración de literatos, dramáticos e actores, que mentres viviron –algúns ata principios de século XX- recordaban obras representadas por Manuela Rey”, explica. Segundo recollía datos da vida da artista, en Reigosa crecía o convencemento de que aquela merecería estar entra as mulleres destacadas deste país, polo que significou no teatro portugués de mediados do século XIX: “aquí hai materia para un mito, a pesar de que morreu moi nova”, resume.

Dos datos recollidos ata o de agora, hai unha parte aínda escura que é a da súa infancia. Sábese que naceu o 1 de outubro de 1942 nunha aldea de Mondoñedo; e que logo dela, naceron outros sete irmáns. Nunha das fontes consultadas por Reigosa –un monográfico de *Os Contemporáneos* publicado en Lisboa en torno a 1867- dise que Manuela Rey foi dada en adopción a membros dunha compañía de teatro ambulante que pasara por Mondoñedo, cando a nena tiña uns cinco anos. A nai traballaba nunha hospedaría da capital mindoniense e iso podería ter facilitado a ‘adopción’ da nena. Pese a súa corta idade, a pícara debía mostrar xa boas dotes de interpretación porque dende os seis anos xa tería participado nas obras da compañía. “Parece que puideron estar de xira por León, Palencia e outras zonas ata chegar ao norte de Portugal, onde a compañía se desfixo -en Viana do Castelo- cando ela tiña 12 o 13 anos”, explica Reigosa. Despois, continúa, “pola razón que sexa chega a Lisboa cunha compañía española que facían representacións en Portugal, e o que xa é seguro, é que no Teatro do Salitre actúa por primeira vez en 1857”.

A biografía de Manuela Rey –que poden ver con máis detalle [neste artigo](#) de Reigosa-, é a partir de entón algo máis clara e grazas as referencias das súas actuacións teatrais. “Polo que di a prensa de Lisboa en 1857, ela tiña algo especial. A obra debía ser unha especie de comedia de divertimento chamada *El hijo del ciego*; y Manuela Rey fai o papel de rapaz dun xeito que sorprende, que chama a atención. E aínda máis cando alguén descubre que é unha muller, non un home”, afirma Reigosa. Tal é a súa progresión e virtudes que en menos dun ano pasará a ser contratada no gran teatro portugués da época, o Dona María II de Lisboa, onde actuará os seguintes nove anos de forma exclusiva.



As crónicas loaban a súa interpretación pero tamén a súa beleza. E mesmo hai referencias aos enamoramentos que puido manter ou propiciar, ata o extremo que chega a falarse de dous homes que se baten en duelo por ela; ou da posible relación da actriz co monarca luso Pedro V. Certos ou non, o que si contan as crónicas e que trala súa morte, que acontece en febreiro de 1866 a causa do tifo, o cortexo fúnebre que conduce o cadaleito ata o Cemiterio dos Prazeres e multitudinario. “Só o enterro do rei Pedro V e dun político e excelente orador da época, José Estevao, -ambos mortos poucos anos antes que a actriz galega- foron máis concorridos”, conta o investigador.

Estes e outros aspectos da súa biografía son, explica Reigosa, “elementos que quedan aí para investigar”. Porque tamén hai, por exemplo, unhas breves referencias que sinalan que Manuela Rey puido deixar algo de obra escrita “e incluso algún tipo de reflexión en clave feminista”, engade. “E esa parte é moi importante porque reforzaría a idea dun certo nivel intelectual desta muller” tendo en conta, ademais, que pola súa orixe hai que presupoñer una formación mais ben escasa. Entre o material aínda por recopilar pode haber tamén toda unha literatura relacionada con ela, que se engadiría a pezas como a elexía fúnebre *Coroa de perpétuas* que lle dedicou de Ernesto Marecos, ou un poema que de Guillermo Acevedo tamén dedicado a Manuela. “Vai aparecendo un material que confirma que debemos empezar a traballar co mito Manuela Rey, porque todo vai sumando á construción dese mito. Os mitos son simbólicos, pero dado o tempo que pasou e os misterios que aínda envolven a boa parte da súa biografía, me parece fantástico”, resume Reigosa. Misterios e símbolos que se mesturan na historia de Manuela Rey, a muller lirio, como a definiu César Machado, o gran historiador do teatro portugués. E porqué muller lirio? Outro misterio, outro símbolo, por desvelar.

Quizás te interese

